

CORRECCIÓN DE ERROS. ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A).

Advertidos erros na ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), é necesario modificar o seguinte:

Na páxina 11, Base 2.2.2, segundo parágrafo, onde di:

“De conformidade coa disposición adicional única do Real decreto 276/2077, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de música e artes escénicas decláranse equivalentes para os efectos da docencia as titulacións que se relacionan no anexo V da presente orde.”

Debe dicir:

“De conformidade coa disposición adicional única do **Real decreto 276/2007**, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de música e artes escénicas decláranse equivalentes para os efectos da docencia as titulacións que se relacionan no anexo V da presente orde.”

Na páxina 14, Base 2.3.2, onde di:

“2.3.2. Os procedementos selectivos realizaranse en condicións de igualdade co persoal aspirante de ingreso libre, sen prexuízo das adaptacións previstas na base 7.11 desta convocatoria.”

Debe dicir:

“2.3.2. Os procedementos selectivos realizaranse en condicións de igualdade co persoal aspirante de ingreso libre, sen prexuízo das adaptacións previstas **na base 7.13** desta convocatoria.”

Na páxina 29, Base 7.12.1 onde di:

“7.12.1. Comisións de selección.

Serán competencias das comisións de selección as seguintes:

a) A elaboración dos exercicios a que se refiren as bases décimo segunda, décimo terceira e décimo cuarta e a publicación dos enunciados dos exercicios na páxina web www.edu.xunta.gal/oposicions”

Debe dicir:

“7.12.1. Comisións de selección.

Serán competencias das comisións de selección as seguintes:

a) A elaboración dos exercicios a que se refire **a base décimo segunda** e a publicación dos enunciados dos exercicios na páxina web www.edu.xunta.gal/oposicions ”



Na páxina 35, Base 11.2 onde di:

“11.2. Temarios.

- Corpo de profesores de ensino secundario:

Nas especialidades de Filosofía, Grego, Latín, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Debuxo, Francés, Inglés, Educación Física, Orientación educativa e Economía: Anexo III da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, do 21 de setembro).

Nas especialidades de Administración de Empresas, Asesoría e procesos de imaxe persoal, Formación e Orientación Laboral, Organización e Xestión Comercial, Procesos Sanitarios, Procesos e Produtos en Artes Gráficas, Procesos e Produtos en Madeira e Moble e Sistemas Electrotécnicos e Automáticos: Anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).

Na especialidade de Lingua Galega e Literatura: Orde do 1 de marzo de 1995 (DOG núm. 56, do 21 de marzo)”

Debe dicir:

“11.2. Temarios.

- Corpo de profesores de ensino secundario:

Nas especialidades de Filosofía, Grego, Latín, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Debuxo, Francés, Inglés, Educación Física, Orientación educativa e Economía: Anexo III da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, do 21 de setembro).

Nas especialidades de Administración de Empresas, Asesoría e procesos de imaxe persoal, Formación e Orientación Laboral, Organización e Xestión Comercial, Procesos Sanitarios, Procesos e Produtos en Artes Gráficas, Procesos e Produtos en Madeira e Moble e Sistemas Electrotécnicos e Automáticos: Anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).

Nas especialidades de Equipos Electrónicos, Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos, Instalacións Electrotécnicas, Oficina de Proxectos de Construción, Operacións e Equipos de Elaboración de Produtos Alimentarios, Procedementos Sanitarios e Asistenciais, Procesos Comerciais, Procesos de Xestión Administrativa, Servizos á Comunidade, Sistemas e Aplicacións Informáticas e Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son: Anexo II da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).

Na especialidade de Lingua Galega e Literatura: Orde do 1 de marzo de 1995 (DOG núm. 56, do 21 de marzo)”

Na páxina 36, Base 11.3.1 onde di:

“11.3.1. Presentación de méritos ante o tribunal do persoal aspirante.

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran no persoal aspirante ata finalizar o prazo de presentación de solicitudes sinalado na epígrafe 3.7, conforme o baremo que se inclúe como anexo II desta convocatoria.”

Debe dicir:

“11.3.1. Presentación de méritos ante o tribunal do persoal aspirante.

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran no persoal aspirante ata finalizar o prazo de presentación de solicitudes sinalado **na epígrafe 3.6**, conforme o baremo que se inclúe como anexo II desta convocatoria.”



Na páxina 99, Anexo IX, apartado K, onde di:

K. Outros aspectos a valorar. (Ata 4 puntos)		
	Comunicación	- Claridade expositiva. Fluidez. - Intensidade e prosodia utilizada no discurso. - Dominio e credibilidade transmitida. - Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	- Grao de interiorización do programa de intervención. - Estrutura e control do tempo. - Utilización do esquema/guión como soporte da exposición. - Utilización de materiais e recursos achegados, especialmente de elaboración propia.
	Xustificación	- Propostas innovadoras en relación ás novas tendencias actuais do sistema educativo. - Propostas innovadoras relacionadas directamente co do programa de intervención. - Xustificación teórica e adecuación á normativa en vigor. - Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
Observacións:		

Debe dicir:

K. Outros aspectos a valorar. (Ata 4 puntos)		
	Comunicación	- Claridade expositiva. Fluidez. - Intensidade e prosodia utilizada no discurso. - Dominio e credibilidade transmitida. - Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	- Grao de interiorización do programa de intervención. - Estrutura e control do tempo. - Utilización do esquema/guión como soporte da exposición. - Utilización de materiais e recursos achegados, especialmente de elaboración propia.
	Xustificación	- Propostas innovadoras en relación ás novas tendencias actuais do sistema educativo. - Propostas innovadoras relacionadas directamente co do programa de intervención. - Xustificación teórica e adecuación á normativa en vigor. - Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
	Debate	- Responde con solvencia e rigor as preguntas do tribunal.
Observacións:		

Asinado en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
(sinatura dixital)

